Carlos López Font na data 24/02/2026 16:54:19
Aitor Bouza Manso na data 24/02/2026 16:54:26

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 16:57:41
Nº Rexistro: 51718
Data envio: 24/02/2026 16:57:41.966

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 16:57:42

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:19:28
Nº Rexistro: 51723
Data envio: 24/02/2026 17:19:28.203

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a falta de aprobación dun novo protocolo educativo de atención á diversidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A proliferación de discursos abertamente LGBTfóbicos que se está a dar actualmente, a través das redes sociais e co arroupo e altofalante incluso de certas formacións políticas, pon unha vez máis a un colectivo vulnerábel no albo desta violencia.

Neste senso, cómpre ter presente que os centros de ensino non son espazos illados do resto da sociedade. Os datos amosan que os centros de ensino galegos, ao igual que no resto do mundo, non son espazos libres de violencia LGBTfóbica.

Nos últimos anos veñen xurdindo diferentes estudos que sinalan a preocupante situación do ensino galego no que se refire á educación na diversidade. Análises que mostran a violencia á que se enfrontan crianzas, profesorado e familias LGBT nos centros de ensino, sen que a Consellería de Educación teña mostrado intención de mudar a súa actuación ou enfrontar minimamente a situación.

E fronte a esta realidade, o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza vén encarnando unha oposición firme a calquera avance que se poida dar nas aulas en materia de igualdade, ata o punto de chegar a suprimir a materia desa mesma temática que viña formando parte do currículum escolar. As iniciativas realizadas pola comunidade educativa parten sempre da voluntariedade do profesorado ou das ANPAs,

Asinado o día 24/02/2026 ás 17:16
Por Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:19:28
Nº Rexistro: 51723
Data envio: 24/02/2026 17:19:28.203

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sen que a Consellería teña dado pasos efectivos para garantir a erradicación do machismo e a LGBTfobia das aulas.

Neste senso, o novo protocolo de atención educativa á diversidade da identidade de xénero leva meses en proceso de actualización. De feito, foi valorado no pleno do Observatorio galego contra a LGBTfobia en xuño de 2024, sen que se tivesen dado novos pasos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

– É consciente o goberno galego da situación que están a atravesar as persoas LGBT nos centros de ensino galegos?

– Cal é o motivo polo cal aínda non están cumpridos os artigos referentes á educación recollidos na lei 2/2014?

– Por que o goberno galego se opón a incluír a formación afectivo sexual nos centros de ensino? Considera o goberno galego que esta formación pode non ser beneficiosa?

– Por que non se ten aprobado aínda o novo protocolo de identidade de xénero no ensino? Cando se vai producir esta aprobación?

– Ten previsto o goberno galego incrementar a formación do persoal dos centros de ensino en materia de igualdade e diversidade?

– Cales son as canles para a detección e erradicación da LGBTfobia nos centros de ensino existentes a día de hoxe?

– Está a promover a Consellería de Educación novos modelos de familia?

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:19:28
Nº Rexistro: 51723
Data envio: 24/02/2026 17:19:28.203

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Que considera a Consellería como “neutralidade ideolóxica” en materia de igualdade e diversidade?

– Que medidas ten contempladas para garantir centros libres de LGBTfobia?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:19:28
Nº Rexistro: 51723
Data envio: 24/02/2026 17:19:28.203

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 24/02/2026 17:16:56

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:19:28
Nº Rexistro: 51723
Data envio: 24/02/2026 17:19:28.203

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 17:19:29

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:30:32
Nº Rexistro: 51727
Data envio: 24/02/2026 17:30:32.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o estado das Unidades de Reprodución Humana Asistida do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das primeiras medidas anunciadas en materia sanitaria polo presidente da Xunta de Galiza unha vez tiveron lugar as eleccións de 2024 foi a ampliación das unidades de reprodución humana asistida do Sergas. Anunciou a posta en marcha dun novo plan de reprodución humana asistida que contemplase, entre outras cuestións, o incremento da idade máxima de acceso.

Pese a isto, persiste un profundo desequilibrio para as persoas que queiran acceder a estas prestacións, pois só existen nos hospitais da Coruña, Santiago e Vigo. As persoas de Lugo e Ourense que precisen un tratamento de reprodución asistida teñen que desprazarse a outras provincias para o mesmo, sabendo ademais que estas non son consultas puntuais, pois requiren múltiples asistencias aos centros sanitarios para a realización de revisións, probas e procedementos.

Este novo plan de reprodución asistida, publicado no 2024 e cunha previsión de duración ata 2028, leva consigo unha serie de calendarios e orzamentos previstos para desenvolver as medidas recollidas no mesmo. Neste sentido, estando a comezos de 2026, o SERGAS debería ter contratado 5 embriólogas, 4 FEA de xinecoloxía, 4 técnicas de laboratorio, 3 TCAE, 2 enfermeiras e 2 administrativas para os tres hospitais con unidades destas características. Ademais, son precisos novos equipamentos e a

Asinado o día 24/02/2026 ás 17:29
Por Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:30:32
Nº Rexistro: 51727
Data envio: 24/02/2026 17:30:32.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adecuación dos espazos existentes para poder materializar os obxectivos recollidos neste plan.

Mais algo que non se reflicte no plan xa en vigor é unha solución ás listas de espera que existen en determinados procedementos da reprodución asistida, e que chegan a condicionar a posibilidade de acceso ou non de determinadas persoas, por ser superior o tempo de espera que o tempo ata acadar a idade límite de acceso.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

– Cal é o grao de cumprimento do calendario marcado no Plan Galego de Reprodución Humana Asistida 2024-2028?

– Que persoal se ten contratado ao abeiro deste plan? En que modalidade se fai a contratación? En que centros?

– Cal é o equipamento adquirido e que espazos están xa adaptados ?

– Ten coñecemento o goberno galego das listas de espera que existen nas URHA? Considera que se poden chegar a solventar?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:30:32
Nº Rexistro: 51727
Data envio: 24/02/2026 17:30:32.876

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 24/02/2026 17:29:35

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:30:32
Nº Rexistro: 51727
Data envio: 24/02/2026 17:30:32.876

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 17:30:34

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:50:48
Nº Rexistro: 51733
Data envio: 24/02/2026 17:50:48.387

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o estado do CS de Negreira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Negreira é un concello da comarca da Barcala onde as cifras de poboación se sitúan en 6.969, segundo os datos oficiais máis recentes. Persoas que nalgunha ocasión rematan pasando polo centro de saúde que hai neste concello, e ás que se lle suman as do concello da Baña cando falamos do PAC, por estar este servizo centralizado en Negreira.

Mais este centro de saúde atópase nun estado deplorable. Mal illado, con humidades, mal ventilado, con pouco espazo nas consultas, pouco accesible, etc. Situación que se agrava no caso do PAC, con problemas obvios de falta de espazo e de ventilación. Abonda con achegarse a esta infraestrutura e ver toda a vexetación que medra nos tellados ou as humidades visibles nas fachadas para darse conta de que o estado no que se atopa é, cando menos, subóptimo.

Os propios técnicos da Consellería valoraron primeiramente que a reforma integral do centro para corrixir todas estas eivas superaría os 600.000€, mais uns anos máis tarde esa valoración ascende xa ao millón de euros, orzamento claramente inasumbile para calquera concello pequeno. Ata o punto no que estamos a día de hoxe, próximas a que teña que deixar de utilizarse polo mal estado da infraestrutura. O pleno municipal aprobou por unanimidade a transferencia do centro ao SERGAS, mais sen que se teñan producido avances ao respecto.

Asinado o día 24/02/2026 ás 17:49
Por Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:50:48
Nº Rexistro: 51733
Data envio: 24/02/2026 17:50:48.387

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais non son só problemas de infraestruturas os que ten a sanidade en Negreira. Unha situación que non é allea ao resto do País, en Negreira están a darse problemas constantes de falta de persoal. Por exemplo, das 5 médicas de cabeceira que debería haber pasando consulta, faltan dúas. E isto súmase á praza de nutricionista que había neste centro e que hai un ano o Partido Popular decidiu suprimir, concentrando as pacientes no centro de saúde das Fontiñas, en Compostela.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

– É consciente o goberno galego da situación na que se atopa o centro de saúde de Negreira? Considera que estas son condicións óptimas para un centro sanitario?

– É coñecedor da falta de espazos para a asistencia sanitaria?

– Cales son as medidas que o goberno ten posto en marcha para garantir unha infraestrutura sanitaria digna en Negreira?

– É coñecedor o goberno galego da falta de profesionais que existe neste centro?

– Ten previsto recuperar a figura da nutricionista que viña prestando asistencia sanitaria neste centro de saúde?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:50:48
Nº Rexistro: 51733
Data envio: 24/02/2026 17:50:48.387

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 24/02/2026 17:49:37

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2026 17:50:48
Nº Rexistro: 51733
Data envio: 24/02/2026 17:50:48.387

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 17:50:49

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51741
Data envio: 24/02/2026 18:30:46.274

Asinado o día 24/02/2
18:28
Por Silvia Longueira C

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Dende finais do ano 2025 vénse producindo unha situación grave e reiterada no servizo de Oncoloxía do Hospital Provincial de Pontevedra que atende á área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, que está a afectar de maneira directa á calidade asistencial e ás condicións nas que as persoas pacientes reciben os seus tratamentos.

Asinado o día 24/02/2026 ás
18:28
Por Elena Espinosa Mangana

Segundo a información trasladada aos pacientes e familiares, a cabina de seguridade biolóxica (CSB) do Hospital Provincial de Pontevedra non está operativa, polo que a preparación de tratamentos de quimioterapia está a se realizar nas CSB do Hospital Montecelo.

Algúns doentes afirman que o motivo é a presenza dun fungo identificado como *aspergillus, aspecto que está sen confirmar pola xestión do servizo, que se mantén hermética.*

Esta situación está a provocar atrasos moi importantes na administración dos tratamentos, con esperas de varias horas, nun contexto no que moitas persoas pacientes se atopan debilitadas pola enfermidade ou polos efectos secundarios da quimioterapia. Cómpre lembrar que moitas destas persoas se desprazan desde distintos concellos da comarca de Pontevedra e do Salnés, o que supón dificultades adicionais de transporte e conciliación.

Asinado o día 24/02/2026 ás
18:28
Por Paloma Castro Rey

O hospital de día dispón de asentos para administrar ata 28 tratamentos simultáneos, máis a incapacidade de preparar a medicación con normalidade

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51741
Data envio: 24/02/2026 18:30:46.274

está a xerar colapsos e unha presión asistencial crecente, como indican os propios indicadores do servizo.

Ademais, a sala de espera do Hospital Provincial, onde os pacientes oncolóxicos agardan a súa quenda para consulta ou tratamento, presenta unha situación de saturación que os propios usuarios describen como “inhumana”. Trátase dun espazo moi reducido, cunha pequena sala e un corredor con poucas cadeiras, no que decenas de persoas agardan en condicións inadecuadas, chegando nalgúns casos a esperar de pé ou nas escaleiras de acceso á cuarta planta.

Esta problemática non é nova, senón que vén sendo denunciada desde hai anos, sen que se adoptasen medidas estruturais suficientes. A elevada demanda asistencial —cunha media de arredor de 85 terapias diarias—, a falta de especialistas e a rotación continuada de profesionais contribúen a agravar a situación.

Cómpre lembrar que a quimioterapia require unha preparación estéril e personalizada en cabinas de seguridade biolóxica, fundamentais para garantir a seguridade do paciente e do persoal sanitario. A falta de operatividade destas instalacións non só provoca atrasos, senón que xera preocupación e ansiedade entre os pacientes, que non reciben información clara nin suficiente sobre o que está a suceder.

Ante esta situación, resulta imprescindible adoptar medidas urxentes que garantan a continuidade asistencial, melloren a información ás persoas pacientes e permitan reducir o colapso do servizo.

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51741
Data envio: 24/02/2026 18:30:46.274

PSG PSOE

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. É certo que a cabina de seguridade biolóxica do Hospital Provincial de Pontevedra permanece fóra de servizo pola presenza dun fungo tipo *aspergillus* , obrigando a preparar os tratamentos de quimioterapia nas instalacións do Hospital Montecelo?

2. Que medidas concretas e inmediatas vai adoptar a Consellería de Sanidade para resolver o colapso do servizo de quimioterapia e reducir as longas esperas que están a sufrir os doentes oncolóxicos?

3. Por que motivo non se informou de maneira clara e transparente ás persoas pacientes e ás súas familias sobre a situación das cabinas de seguridade biolóxica e as consecuencias nos atrasos dos tratamentos?

4. Cal é o prazo estimado pola Consellería para resolver definitivamente esta situación e restablecer o funcionamento normal das cabinas e do servizo de quimioterapia?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51741
Data envio: 24/02/2026 18:30:46.274

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/02/2026 18:28:09
Elena Espinosa Mangana na data 24/02/2026 18:28:16
Silvia Longueira Castro na data 24/02/2026 18:28:24

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51741
Data envio: 24/02/2026 18:30:46.274

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 18:30:47

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51742
Data envio: 24/02/2026 18:32:45.253

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para reposta escrita**ª, sobre o proxecto mineiro de extracción de caolín e mica no lugar de coéns, no concello de Laxe.

Os veciños e veciñas dos lugares de Coéns e Gundar, Aprazadoiro, Matío e A Torre, todos eles sitos no municipio de Laxe, están preocupados pola absoluta falla de información sobre a concesión para o proxecto mineiro de extracción de caolín e mica derivado do permiso de investigación mineira "Don Sebastián" número 7147.

Segundo a información que aparece no catastro mineiro, existen dúas cuadrículas que demarcan as zonas permitidas para realizar actividades de investigacións mineiras nos concellos de Laxe, Cabana e Zas, o permiso "D. Sebastián" con Nº Rexistro: AC/C/07147 para extracción de caolín e mica e a de "Jorge Reyes" con Nº Rexistro: AC/C/07148 para extracción de Caolín, os dous solicitados por Caolines de Vimianzo SAU (CAVISA) e con prazos xa vencidos.

Despois de realizar a campaña de sondeos no dereito mineiro "S. Sebastián" parece que a mesma empresa iniciou os trámites de autorización do proxecto de extracción de caolín e mica, para o que era preciso sometelo a avaliación ambiental estratéxica. A única información que teñen os veciños é que foi presentado un estudio de impacto ambiental simplificado na Xunta de Galiza para superar este trámite cuxo código do expediente parece ser o 2023/0115. No portal web da Consellería de medio ambiente e cambio climático, que debera albergar información sobre a avaliación do impacto ambiental dos proxectos non aparece nin existe posibilidade de acceder ao expediente. Tampouco aparece nada ao respecto no DOG , que debera anunciar o

Asinado o día 24/02/2026 ás 18:32
Por Óscar Insua Lema

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51742
Data envio: 24/02/2026 18:32:45.253

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

trámite de información pública ou publicar o informe de impacto ambiental, segundo o establecido no artigo 47.3 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Os veciños afectados reuníronse co alcalde do concello de Laxe do Partido Popular o pasado domingo para ser informados, mais este, en dous meses dende que saltou o conflito, non tivo tempo de solicitar información á Dirección Xeral de Minas para dar conta dela. A empresa tampouco tivo interese en explicarlle aos veciños en que consistirá o futuro proxecto mineiro e como se desenvolvería a actividade, nin se interesou en reunirse con eles. Ante as preocupacións veciñais e a incerteza e o escurantismo co que se tramita este proxecto mineiro na administración galega, é necesario poñer luz e taquígrafos e solicitarlle ao goberno toda a información e total transparencia nesta concesión.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Existe algunha solicitude de autorización mineira e concesión para extraer caolín e/ou mica derivadas dos permisos de investigación nos dereitos mineiros “D. Sebastián” con Nº Rexistro: AC/C/07147 e a de “Jorge Reyes” con Nº Rexistro: AC/C/07148 para extracción de Caolín, os dous solicitados por Caolines de Vimianzo SAU (CAVISA)?

- Que tramitacións se fixeron ante a administración galega? Cando se solicitou? Que número de expedientes teñen? houbo tramite de información pública? publicouse no DOG? çen que fase do procedemento se atopan? Están resoltas?

-Dou traslado ou solicitou algún informe a Dirección Xeral de Minas ao Concello de Laxe? Doulle traslado do proxecto mineiro ao concello de Laxe?

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51742
Data envio: 24/02/2026 18:32:45.253

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cales son as previsións da empresa para iniciar a actividade mineira?

-Esixiulle a Dirección Xeral de Minas á empresa Caolines de Vimianzo SAU a restauración completa da antiga explotación existente no dereito “D. Sebastián” despois de 40 anos de inactividade? Se non o fixo, cales son os motivos?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51742
Data envio: 24/02/2026 18:32:45.253

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 24/02/2026 18:32:19

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51742
Data envio: 24/02/2026 18:32:45.253

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 18:32:46

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51744
Data envio: 24/02/2026 18:56:38.365

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o estado dos traballos para a recuperación de especies marisqueiras na Ría do Burgo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de febreiro, aprobouse por unanimidade unha proposición de lei do BNG para demandar ao goberno galego o estudo da situación da produción de marisco na ría do Burgo e que poña en marcha as medidas necesarias para mellorar a produtividade do marisco nesta ría, co obxectivo de garantir a súa sostibilidade produtiva e ambiental.

Tal e como se indicou no debate da iniciativa, os meses da primavera son críticos para este asunto, xa que é o momento no que se debería sementar o marisco para que poida estar en condicións de ser comercializado para a campaña de Nadal. De non facerse a semente nesta época, existe un serio perigo de que a actividade marisqueira desapareza por completo da Ría do Burgo, tanto por tempo como porque a cantidade de persoas que a día de hoxe están de alta na actividade marisqueira é moi reducido, e a falta de solucións para a escaseza de marisco non resulta alentadora nin chama a novas mariscadoras e mariscadores a incorporarse á profesión nesta ría.

Outras rías galegas están a sufrir cambios da produción por diferentes motivos, especialmente ambientais, polo que existen razóns máis ca suficientes para que a Xunta de Galiza, institución á que corresponden as competencias de marisqueo, invista na

Asinado o día 24/02/2026 ás 18:55
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51744
Data envio: 24/02/2026 18:56:38.365

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

semente de marisco na Ría do Burgo, para potenciar a súa biodiversidade e recuperar a súa produtividade, co obxectivo principal de garantir o futuro da actividade marisqueira, mais tamén desde o punto de vista ambiental.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- O goberno galego vai sementar marisco para garantir o futuro da actividade marisqueira na Ría do Burgo?

- Ten previsto facelo nun prazo que permita garantir a campaña de Nadal de 2026?

- O goberno galego ten previsto levar a cabo algunha outra actuación para recuperar a produción de marisco da Ría do Burgo?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51744
Data envio: 24/02/2026 18:56:38.365

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 24/02/2026 18:55:50

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51744
Data envio: 24/02/2026 18:56:38.365

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 18:56:40

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 17:19:38
Nº Rexistro: 52097
Data envio: 27/02/2026 17:19:38.286

Por Noa Presas Bergantiños
Por María Montserrat Prado Cores
Asinado o día 27/02/2 17:15 Por Luís Bará Torres
Asinado o día 27/02/2026 ás 17:15 Por Olalla Rodil Fernández
Asinado o día 27/02/2026 ás 17:15 Por Ana Pontón Mondelo

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e os deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 52.1 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **solicitude de creación dunha comisión de investigación sobre as actuacións e decisións da Xunta de Galiza en relación co proxecto da macrocelulosa de Altri na Ulloa**.

Exposición de motivos

1. A recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza a respecto da demanda presentada pola organización ecoloxista ADEGA en relación coa modificación da Estratexia Galega de Infraestrutrura Verde pon de relevo como a Xunta actúa en connivencia coa empresa pasteira Altri. En lugar de protexer unha zona de alto valor ambiental, o goberno galego do PP protexeu os intereses de Altri. Ademais, fíxoo sen achegar ningún informe técnico que avale a decisión de desprotexer os terreos nos que pretende construirse a macrocelulosa.

No DOG do 10 de febreiro do 2025 publicouse a orde do 4 de outubro de 2024 pola que se aproba a “Estratexia Galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas”. No documento aprobado e publicado hai algúns cambios significativos a respecto do documento sometido a información pública no ano 2022. Segundo denunciou a SGHN, un dos cambios máis escandalosos é a mutilación da zona de amortecemento na zona sudoeste da Serra do Careón (ZEC Serra do Careón), entre os concellos de Palas, Santiso e Agolada, xustamente nos terreos en que se pretende instalar a macrocelulosa de Altri-Greenfiber. Unha zona que alberga hábitats e especies de interese prioritario e

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 17:19:38
Nº Rexistro: 52097
Data envio: 27/02/2026 17:19:38.286

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunitario e que foi proposta polo mesmo goberno da Xunta do PP en 2012 para a ampliación da Rede Natura 2000, proposta finalmente arquivada e desestimada.

Aínda que a sentenza do TSXG obriga á Xunta a repoñer a protección establecida na versión inicial da Estratexia (2022) recuperando a zona de amortecemento situada ao sudoeste da Serra do Careón, ican por aclarar moitas cuestións:

-Que departamento ou organismo da Xunta tramitou esta modificación?

-Que informes técnicos a xustificaron?

-Cando se levou a cabo este cambio?

Estamos diante dunha cuestión de extraordinaria relevancia posto que o establecemento desta "zona de amortecemento" condiciona e cuestiona a Declaración de Impacto Ambiental favorábel emitida pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental en marzo de 2025. Resulta altamente sospeitoso que o "cambiazo" na Estratexia de Infraestrutura Verde se fixese efectivo no DOG do 10 de febreiro do 2025, un mes antes da publicación da DIA favorábel. A obriga de protección establecida pola sentenza do TSXG deixaría sen validez esta DIA e todos os pasos posteriores.

2. Estes feitos sobre os que botou luz a sentenza do TSXG son unha especie de corolario dunha longa cadea de irregularidades e ocultacións en relación co proxecto industrial da macrocelulosa de Altri na Ulloa. En outubro de 2021 Altri deu a coñecer un memorando de entendemento coa Sociedade Impulsa, participada maioritariamente pola Xunta, para "a construción en exclusiva dunha unidade industrial con capacidade para producir anualmente 200.000 toneladas de pasta soluble e fibras sustentables".

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 17:19:38
Nº Rexistro: 52097
Data envio: 27/02/2026 17:19:38.286

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a empresa, “Altri foi a escolha da Impulsa para liderar este consorcio sendo resultado de um concurso internacional baseado em criterios técnicos, operacionais e estratégicos”.

Na información trasladada pola empresa nos seus documentos internos dise que “A celebraçao do acordo definitivo depende da verificaçao de um conjunto de condiçoes precedentes que, a verificarem-se satisfatoriamente- o que se estima venha a ocorrer no decurso do segundo semestre de 2022 -criarao as bases para a sua formalizaçao”.

Estes acordos inicial e definitivo nunca se fixeron públicos, no que constitúe un exemplo da opacidade e falta de transparencia que caracteriza o xeito de actuar do goberno do PP. Dada a transcendencia desta documentación para esclarecer posteriores actuacións do goberno galego, resulta do máximo interese coñecer os seguintes documentos solicitados polo BNG ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento.

-Documentación do Concurso internacional da Sociedade Impulsa “baseado en criterios técnicos, operacionais e estratéxicos” polo que foi seleccionado o proxecto industrial de Altri.

-Compromisos adquiridos por Impulsa no Memorando de entendemento asinado con Altri en 2021.

-Documentación de todos os acordos asinados entre Impulsa e Altri, despois da sinatura do Memorando de entendemento.

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 17:19:38
Nº Rexistro: 52097
Data envio: 27/02/2026 17:19:38.286

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Documentación da comunicación entre Impulsa e Consellaría de Industria en relación co proxecto de Altri e relacionada cos acordos asinados (memorando de entendemento e outros acordos).

Logo de denegar a Xunta en até tres ocasións esta documentación solicitada polo BNG , coa argumentación de que se trataba dun acordo no ámbito privado, recentemente o presidente da Xunta afirmou que coñecía estes acordos. Tendo en conta que o artigo 9 do Regulamento do Parlamento establece que o goberno debe enviar aos deputados ou deputadas a documentación “que obre no seu poder”, non hai ningunha excusa para que estes documentos sexan enviados ao Parlamento.

3. Recentemente a Xunta anunciou o arquivo do expediente do proxecto industrial de Altri. Este anuncio fíxose dunha maneira un tanto extraña: en declaracións da conselleira de economía e industria nunha visita a unha empresa do sector forestal. A estas alturas non se coñece ningún documento oficial a respecto deste arquivo nin as razóns técnicas que xustifican esta decisión. Mais cómpre ter en conta que existen outras fases do procedemento que son competencia da consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático e que están pendentes de resolución.

Para a continuidade e a viabilidade do proxecto industrial de Altri na Ulloa é imprescindíbel que a Xunta aprobe a concesión de captación e vertido de auga no río Ulla e a autorización ambiental integrada. No Consello Reitor de Augas de Galiza celebrado no mes de decembro de 2025, o Director do Ente afirmou que non están sendo áxiles na tramitación do expediente porque “se o proxecto xa non ten percorrido non investimos esforzos adicionais en rematar esa tramitación”. Un argumento realmente sorprendente e que supón un grave incumprimento da normativa que regula a concesión de aproveitamentos hidráulicos.

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 17:19:38
Nº Rexistro: 52097
Data envio: 27/02/2026 17:19:38.286

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A finais de decembro de 2025, a conselleira de Medio Ambiente afirmou en resposta a preguntas dos medios de comunicación: "É imposible ter autorización se non hai canle que forneza a esta empresa", "a parte medio ambiental ten que ir conectada ao resto da viabilidade", "sen auga e sen luz non ten lóxica". "É imposible, non pode funcionar". Ningún destes argumentos xustifica que non se leve até o final a tramitación da Autorización Ambiental Integrada que debe resolver a consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático.

O presidente da Xunta tamén se referiu no pasado mes de decembro á situación do proxecto, sinalando entre outras cuestións que non é unha prioridade. Afirmou que "a decisión de dar ou non pasos adiante corresponde á empresa", que “fronte a todas esas dificultades terá que decidir o que toque en consecuencia e despois, se procede, serán os seguintes trámites administrativos”.

Mais a empresa deixou clara en diferentes manifestacións públicas a súa intención de seguir adiante co proxecto e presentar alegacións en relación co anunciado arquivo do proxecto industrial. Por esta razón sería do máximo interese escoitar en sede parlamentaria as razóns da empresa e das administracións relacionadas coa tramitación do proxecto.

4. Existen informes do ámbito académico e científico que poñen en evidencia as graves consecuencias que tería a implantación do proxecto de Altri na Ulloa para o territorio, o medio, a auga, as actividades económicas propias do territorio ou a política forestal. O informe do Consello da Cultura Galega de setembro de 2024 pon de relevo numerosos riscos e ameazas do proxecto, polo que sería do máximo interese escoitar en sede parlamentaria as persoas autoras do informe e coñecer os estudos e análises que cuestionan a viabilidade da macroceluosa e o seu encaixe nun modelo sustentábel de desenvolvemento económico e territorial.

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 17:19:38
Nº Rexistro: 52097
Data envio: 27/02/2026 17:19:38.286

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do mesmo xeito, resulta do máximo interese coñecer a opinión e as razóns dos sectores económicos e sociais afectados polo proxecto: representantes institucionais, de plataformas sociais, organizacións ecoloxistas, organizacións relacionados co sector agrogandeiro, pesqueiro-marisqueiro da ría de Arousa e forestal.

Ademais dos aspectos relacionados co impacto ambiental do proxecto industrial de Altri na Ulloa, existen diferentes estudos e informes que alertan do impacto da macrocelulosa na contorna de protección do Camiño Francés, recoñecido como Patrimonio da Humanidade. A este respecto, resulta do máximo interese coñecer todos os informes e avaliacións que teñen a ver con esta cuestión: os realizados polo ICOMOS (Consello Internacional de Monumentos e Sitios), organismo consultor da UNESCO, o Ministerio de Cultura e, de ser o caso, a propia UNESCO.

5. A criterio do BNG estamos diante dun proceso cheo de irregularidades e ocultacións, o que xustifica a esixencia da máxima transparencia.

Entre as cuestións que é necesario esclarecer podemos salientar as seguintes:

-O papel do goberno da Xunta e da Sociedade Impulsa na fase previa á presentación por Altri da solicitude de declaración de proxecto industrial estratéxico en decembro de 2022.

-Os cambios normativos aprobados nos anos 2022 e 2023 que están aliñados cos intereses da empresa Altri.

-A presunta remoción de cargos públicos reticentes ao proxecto.

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 17:19:38
Nº Rexistro: 52097
Data envio: 27/02/2026 17:19:38.286

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A externalización de informes técnicos fundamentais para a tramitación do proxecto.

-A modificación da Estratexia de Infraestrutura Verde en febreiro de 2025 e a relación desta decisión coa aprobación da Declaración de Impacto Ambiental.

-As consecuencias da sentenza do TSXG en relación coa modificación da Estratexia de Infraestrutura Verde nos terreos previstos para a instalación da macrocelulosa (sudoeste da ZEC Serra do Careón).

-A actuación de Augas de Galiza na tramitación da autorización da concesión de augas do proxecto de Altri.

-A actuación da Dirección Xeral de Calidade Ambiental da consellaría de Medio Ambiente en relación coa tramitación da Declaración de Impacto Ambiental e da Autorización Ambiental Integrada.

-A actuación da consellaría de Economía e Industria sobre a tramitación do Proxecto Industrial Estratéxico e decisión do arquivo do expediente. A falta de neutralidade da responsábel deste departamento e tamén presidenta da Sociedade Impulsa, que declarou publicamente que o proxecto de Altri era “redondo desde o punto de vista ambiental”.

-A actuación da Presidencia da Xunta en relación co total e decidido apoio político e institucional a este proxecto declarado estratéxico, e a connivencia cos intereses da empresa promotora.

Tendo en conta a transcendencia, impacto, alarma, mobilización e debate público xerado polo proxecto de Altri. Considerando as irregularidades e ocultacións que se sucederon ao longo da preparación e tramitación do proxecto. Considerando a

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 17:19:38
Nº Rexistro: 52097
Data envio: 27/02/2026 17:19:38.286

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza en relación coa modificación da Estratexia Galega da Infraestrura Verde e da Restauración e a Conectividade Ecolóxica. E tendo en conta as dúbidas e sospeitas xeradas por unha actuación absolutamente parcial do goberno galego neste proceso, o Grupo Parlamentar do BNG solicita a creación dunha comisión de investigación en relación coa tramitación do proxecto industrial da macrocelulosa de Altri na Ulloa desde o anuncio da iniciativa orixinal en 2020 até o anuncio do “arquivo” do proxecto no ano 2026. O obxecto desta comisión será analizar, investigar e avaliar a actuación do goberno galego (Presidencia e departamentos relacionados coa tramitación do proxecto), do comité de persoas expertas creado a raíz da COVID 19, da Sociedade Impulsa, das empresas promotoras (Altri e Greenalia), doutras administracións e organismos que interviron na avaliación do proxecto, así como coñecer os estudos e análises das organizacións e entidades do ámbito académico, consultivo, empresarial, produtivo, ambiental e social afectadas polos impactos deste proxecto industrial.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 17:19:38
Nº Rexistro: 52097
Data envio: 27/02/2026 17:19:38.286

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2026 17:15:07
Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2026 17:15:22
Luis Bará Torres na data 27/02/2026 17:15:33
Rosana Pérez Fernández na data 27/02/2026 17:15:44
María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2026 17:15:55
Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2026 17:16:02
José Manuel Golpe Acuña na data 27/02/2026 17:16:11
Iago Suárez Fernández na data 27/02/2026 17:16:18
Carmela González Iglesias na data 27/02/2026 17:16:26
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 27/02/2026 17:16:37
Daniel Castro García na data 27/02/2026 17:16:47
Montserrat Valcárcel Armesto na data 27/02/2026 17:16:58
Saleta Chao Rivas na data 27/02/2026 17:17:10
Ariadna Fernández González na data 27/02/2026 17:17:22
Iria Taibo Corsanego na data 27/02/2026 17:17:34
Paulo Ríos Santomé na data 27/02/2026 17:17:44
Ramón Fernández Alfonzo na data 27/02/2026 17:17:53
Cristina Fernández Davila na data 27/02/2026 17:18:01
Iria Carreira Pazos na data 27/02/2026 17:18:09
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/02/2026 17:18:19
Secundino Fernández Fernández na data 27/02/2026 17:18:27
Óscar Insua Lema na data 27/02/2026 17:18:34
Mercedes Queixas Zas na data 27/02/2026 17:18:42
Sonia Vidal Lamas na data 27/02/2026 17:18:51
Alexandra Fernández Gómez na data 27/02/2026 17:18:57

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 17:19:38
Nº Rexistro: 52097
Data envio: 27/02/2026 17:19:38.286

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/02/2026 17:19:40

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-RPQAJLOm3-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/